

Están sentados nun banco de pedra, mirándose en silencio, mentres un vento frío moi desagradable atravesa as últimas horas do día. Posiblemente, algúns anos atrás, aquel recinto próximo á estrada foi unha especie de área recreativa onde se puido tomar o fresco baixo a sombra duns piñeiros, pero agora todo aquilo converteuse en algo semellante a un vertedoiro. Algunhas árbores queimadas son esqueletes negros e o chan está ateigado de fochancas. Hai bolsas rotas de lixo, os bambáns foron esnaquizados e un silveiro medra por riba das papeleiras.

Jairo Mendoza é un colombiano de faccións redondas e nariz esmagado contra a cara como unha bóla de plastilina. Ten a pel picada de vexigas e aparenta uns cincuenta anos. Move as pernas nerviosamente, coma se acabase de recibir unha descarga eléctrica nos xemelgos, pero só pretende defenderse da baixa sensación térmica provocada pola xistra. Antes de falar, crava os ollos nunha lavadora enferruxada que sobresaie entre uns fentos.

—Terei que presentarme cada quince días no xulgado. E retiráronme o pasaporte.

Inés Landeira, a muller coa que está falando dende hai dez minutos, asente con expresión desganada. Prende un Chesterfield, pensativa. Exhala o fume e garda o acendedor no pantalón. Os ollos, entre verdes e azuis, disparan unha mirada acuosa e fría, impávida. Non resultan ameazantes, pero parecen convidar a un vello desafío. O nariz está lixeiramente encurvado á dereita, como un saínte irregular e orgulloso da súa factura. Na boca, pequena e aínda incitante, o espesor carnoso dos beizos enxalza a solidez algo demacrada da faciana, onde as engurras da fronte trazan varias liñas finas e descontinuas. A pel perdeu brillantez e transformouse nunha cuberta opaca. O cabelo, salferido por fíos abrancazados e moi laso, tenta descender sobre os ombros.

—Pensas que alguén se foi da lingua? —pregunta Inés.

—Non creo. A xente toma precaucións.

—Puido pasar algo imprevisto a última hora. Un mal movemento.

—Estiveron seguíndonos, pero prefiro non darlle máis voltas.

—Ou sexa: que vos agardaron cos brazos cruzados.

—Os paquetes estaban dentro dos palés da froita, untados con aceite de motor. Era difícil detectalos, pero algo levantou sospeitas. Durante o traxecto usamos outro camiión con carga legal, coma sempre, pero cando chegamos á nave estaban agardándonos.

—Seis meses, Jairo. Iso dixeron os xornais. Demasiado tempo detrás vosa como para non decatarvos de nada.

Jairo Mendoza apoia os antebrazos na pedra e baixa o ton de voz instintivamente, aínda que non parece moi probable que alguén se achegue a fisgar naquela esterqueira. Por momentos amaina a forza do vento, outorgando unha

pequena tregua. As nubes ameazan choiva e revisten o ceo cunha tonalidade grisallenta e sombría.

–Cres que ti me podes dar leccións de prudencia?

–Non –responde Inés–. Pero interprétao como queiras.

O colombiano aperta os puños contra as fazulas, tentando disimular a rabia que lle percorre o corpo. Move a cabeza cara aos lados, cos ollos entreabertos, mastigando entre os dentes unhas palabras que lle queiman a boca. Inés Landeira observa cada un dos seus movementos mentres apura as últimas caladas do cigarro. Jairo solta as palabras lentamente:

–O Empresario nunca foi moi discreto. Cando fixemos o último envío encargouse de celebralo no Arizona durante dous días seguidos.

Inés sorrí con malicia, ensinando uns dentes amarelos e desiguais.

–Supoño que iso nunca llo contarás a María –responde.

–O que falamos entre nós, a ti non debería importarche.

–Interésame algunhas veces.

–Non te chamei para falar da miña vida de parella, Inés.

–Soamente estaba barallando unha posibilidade.

–Preferiría deixar ese tema.

–Moi ben. Pois volvamos ao principio. Céntame que pensas facer agora.

–Regresar a Bogotá. Quero arranxar o asunto e deixar as cousas claras.

–Cal será o teu argumento? Grandes doses de mala sorte?

–Non quero que toquen o meu irmán. Sería o último.

Inés bota a chaqueta enriba, unha cazadora vaqueira moi frouxa.

–Ti non tes irmáns, Jairo. María e mais eu temos costume de falar de cousas que nos importan. Se queres pedirme

algo non fai falta que me montes unha escena sentimental. Que pretendes? Evitar unicamente o xuízo, ou facerlle algún traballo de balde aos teus xefes como compensación?

O colombiano baixa a ollada, avergoñado.

–Ti deberías facer o mesmo –di–. Marchar.

–A miña vida está aquí, Jairo. Para min non é tan sinxelo.

–Oín que poden rebaixarche a pena.

–Cun pouco de sorte. Así que non estou disposta a hipotecar a miña vida. Todo rematou, quero empezar de cero.

–No cárcere non creo que sexa boa idea.

–A quen colleron con sesenta quilos foi a vós, Jairo. Nós temos outra historia que contarlles. Cres que é boa idea marchar?

–Non teño outra opción. E quero que me axudes.

Inés érguese e empeza a camiñar entre o lixo. Coxea ostensiblemente. O seu coche está aparcado uns metros máis adiante, ao pé dun valo publicitario que anuncia unhas obras que nunca chegaron a iniciarse. Jairo vai detrás e non lle resulta difícil alcanzala. Inés nota aquela man grosa apreixándolle o brazo como unhas tenaces.

–Imposible. Xa che dixen que non quero máis leas. Acabouse.

–Estás sendo moi inxusta.

A mirada de Inés Landeira conxéllase nun obxectivo impreciso. Parece fulminar unha extensión imaxinada, só accesible dende o máis recóndito dos seus pensamentos. Jairo sóltalle o brazo.

–Só penso no que mellor me convén –di Inés–. E ti sempre actuaches dese xeito.

–Consequinche un traballo cando máis o necesitabas. O Mecánico non contaba contigo ata que lle falei de ti.

–Xa ves de que me serviron as túas recomendacións. Para enfrontarme agora a sete anos de cárcere.

–Non creo que eu teña a culpa diso.

–Sabía que non tardarías tanto en cobrar un favor.

–Oxalá non tivese que facelo nunca. Pero así che son as cousas.

Inés continúa camiñando con dificultade. Chega á pista de grava que conduce ata o vehículo cando volve notar aquel formigo ardente na extremidade esquerda. A dor iníciase na cintura e descende rapidamente ata os pés.

–Non estaría aquí se non soubese que podo confiar en ti –di Jairo.

–Que queres que faga?

–Necesito un pasaporte. O antes posible.

–Pois fala con quen poida botarche unha man. Comigo non contes.

–Ti sabes quen llo conseguiu a Romai.

–Coñezo moitas caras, pero non é suficiente.

–Deixa de finxir. Por favor.

–Se o fixese non te decatarías.

–Pensas convencerme de que ti non podes facer nada?

–Cada vez teño menos contactos. Así de simple.

–Non podos agardar moito, pero terei paciencia. A que ti me pidas. Chégame coa persoa axeitada.

O vento volve intensificarse. Inés torce o xesto e sobe a cremalleira da chaqueta. A insistencia do colombiano empeza a facer efecto.

–Non parece moi de fiar –responde–. Quedas avisado, polo que poida ocorrer.

–Romai non tivo problemas. Pagareiche o que sexa, e por adiantado.